


# Universidade de Vigo

## Información pública e rendemento de contas

Procedemento D0-0301 Índice 05  
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo  
Pavillón Manuel Martínez-Risco  
Campus Universitario  
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>  
<mailto:aero.info@uvigo.es>



## SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

# Información Pública e Rendemento de Contas

CÓDIGO DO-0301 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de Centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura
José Miguel Dorribo Rivera	Begoña Cid Iglesias	M <sup>a</sup> Nieves Lorenzo González
	<b>CID IGLESIAS MARIA BEGOÑA - 34971811N</b> Firmado digitalmente por CID IGLESIAS MARIA BEGOÑA - 34971811N Fecha: 2020.12.23 10:01:25 +01'00'	<b>Firmado por LORENZO GONZALEZ MARIA DE LAS NIEVES - 34953556L el día 23/12/2020 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios</b>
	18/11/2020	18/12/2020

## Proceso

Docencia

## Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PC13 «Información pública» (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de Garantía de Calidade dos Centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura e novos contidos. Modificación do título e código: pasa de PC13 «Información pública» a DO-0301 «Información pública e rendemento de contas ».
05	31/04/2020	Área de calidade	Actualización do procedemento. Simplificación e revisión do rexistro asociado. Mellora da súa eficiencia e da súa utilidade

## Índice

---

I OBXECTO	4
II ALCANCE	4
III REFERENCIAS	4
IV DESENVOLVEMENTO	6
V ANEXOS	9

---

## I OBXECTO

Establecer os mecanismos que permitan garantir e asegurar a dispoñibilidade da publicación periódica, actualizada e accesible aos distintos grupos de interese da información relevante relacionada cos centros e coas titulacións da Universidade de Vigo, así como o seu rendemento de contas.

---

## II ALCANCE

O alcance do presente procedemento esténdese a toda a información pertinente e relevante e ao rendemento de contas asociados ás titulacións oficiais de grao e mestrado universitario dos centros da Universidade de Vigo.

## III REFERENCIAS

### III.1. Normas

- Estatutos da Universidade de Vigo
- Estatuto do Estudante Universitario, aprobado por RD 1791/2010 de 30 de decembro
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, *de Protección de Datos Personais y garantía de los derechos digitales*
- Lei 1/2016. do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no Manual de Calidade.

### III.2. Definicións

- **Información pública:** datos que posúen significado e que están a disposición para a súa consulta polas partes interesadas ou polos grupos de interese dunha organización.
- **Rendemento de contas:** principio polo que as persoas, as organizacións e a sociedade son responsables das súas accións e pódeseles solicitar unha explicación respecto diso. (Norma UNE-EN ISO 30300)
- **Grupo de interese:** persoa ou grupo que ten un interese no desempeño ou no éxito dunha organización. (Norma UNE-EN ISO 9000)Nota: tamén se utiliza a expresión «parte interesada».
- **Satisfacción do usuario ou grupo de interese:** percepción do usuario ou grupo de interese sobre o grado en que se cumpriron os seus requisitos.(UNE-EN ISO 9000).
  - **Nota 1:** as queixas dos grupos de interese son un indicador habitual dunha baixa satisfacción, pero a ausencia destas non implica unha elevada satisfacción dos grupos de interese.

- o **Nota 2:** mesmo cando os requisitos dos grupos de interese se acordaron con eles e estes se cumpriron, isto non asegura unha elevada satisfacción dos grupos de interese.(Norma UNE-EN ISO 9000).
- **Usuario/a:** organización ou persoa que recibe un produto ou un servizo (sinónimo de cliente) (Norma UNE-EN ISO 9000). **O uso do termo é tradicional nas administracións públicas.**

### III.3. Abreviaturas e siglas

- SGC : Sistema de garantía de calidade
- PAS : persoal de administración e servizos
- PDI : persoal docente e investigador
- QSP : queixas, suxestións e parabéns
- ENQA : European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior)
- RD : Real Decreto

---

## IV DESENVOLVEMENTO

### IV.1. Finalidade do proceso

Garantir que a información relevante está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e cumpre cos requisitos establecidos.

### IV.2. Responsable do proceso

Decano/a ou Directora/o do Centro.

### IV.3. Indicadores


- Indicadores contido en publicados no Portal de transparencia da Universidade de Vigo
- Índices de satisfacción (Alumnado, PDI e persoas tituladas)

### IV.4. Diagrama de fluxo


#### Aspectos xerais

A Universidade de Vigo, aposta decididamente pola Transparencia. Incorpora na súa web o Portal de Transparencia. Este portal nace co obxectivo de facilitar a consulta de información actualizada sobre a actividade da Universidade de xeito claro, estruturado, entendible, de fácil acceso, interoperable e reutilizable.

Establece ademais un formulario para que os usuarios soliciten aquela información que non atopen publicada. Esta información poderá ser facilitada atendendo en todo caso a *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais*.







---

## V ANEXOS

- Lista de chequeo ou verificación da información pública

### Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano / posto)	Duración
Código	Denominación				
R1-DO0301	Verificación/chequeo de Información Pública	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinación de calidade	6 anos

Outras evidencias para o seguimento e acreditación das titulacións (véxase Guía de seguimento e acreditación dos títulos oficiais de grao e mestrado da ACSUG):

- **E9:** Páxina web da Universidade/Centro/Título (debe estar incluída, como mínimo, a información referida no Anexo III)
- **I14:** Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese